

BASES I CONCURSO DE GRAFITI-MURAL “aBANZAI” PARA A MOCIDADE

O Concello de Ferrol, a través da Concellería de Mocidade, organiza un concurso de graffitis que se rexerá pola seguintes Bases:

Base 1.- Obxectivo

As persoas, sen excepción, teñen dereito a que se establezan as condicións necesarias para que o espazo urbán sexa apto e equitativo para a mobilidade.

O obxectivo deste concurso, é expresar a través da modalidade artística do graffiti:

- Un modelo de mobilidade urbán sostible que sexa respectuoso co medio ambiente.
- Formas de desprazamentos máis sostibles (transporte público, skate, bici e a pé) reducindo así a necesidade de mobilidade co vehículo privado.
- A cohesión social garantindo a mobilidade de todos e todas, incluídas as persoas con mobilidade reducida e diversidade funcional.
- Deseño de espazos públicos que faciliten a cohesión social e teña como resultado unha cidade inclusiva e respectuosa coa diversidade, dende a perspectiva da mocidade.
- Promoción de espazos urbáns que poñan no centro o coidado das persoas, a conciliación, a infancia e o uso do espazo público pola mocidade; como eixo fundamental para a revitalización dunha cidade

Base 2.- Participantes

Pode participar neste concurso calquer/a artistas, individualmente ou en grupo (máximo 4 compoñentes), con idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos.

Base 3.- Inscripción e prazo de presentación

O prazo para inscribirse no presente concurso será de 10 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación destas bases e a correspondente convocatoria no BOP.

Base 4.- Documentación requirida

- Ficha de inscrición debidamente cumprimentada.
- Fotocopia do DNI.
- 3 fotos de obras individuais realizadas con anterioridade presentadas polos/as participantes.
- Boceto en tamaño A3 apaisado co proxecto do grafiti que se pretende realizar no caso de ser seleccionado para a fase final do presente concurso.
- Declaración xurada do/a participante sobre a autoría das obras presentadas.

- No caso de menores de idade, requirirase autorización do pai, nai ou titor/a legal.

Os/as participantes deberán comunicar no momento da inscrición, a gama cromática elixida dentro da proposta pola organización, tendo en conta que o número máximo de sprays proporcionado será de 12 sprays.

A ficha de inscrición poderase solicitar no Rexistro Xeral do Concello, Praza de Armas, s/n. Tamén se poderá descargar da páxina web do Concello de Ferrol (www.ferrol.gal/sede electrónica/Taboleiro de Anuncios).

A inscrición xunto coa documentación requirida presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos rexistros sinalados na Lei 39/2015

Base 5.- Temática

A temática é libre, aínda que deberá ser coherente co lema do concurso “por una mobilidade urbán en igualdade e inclusiva”

Os traballos terán que ser orixinais e inéditos. Non se admitirán traballos que conteñan contidos irreverentes, obscenos, xenófobos, de carácter político ou calquera outro que atente contra a dignidade das persoas.

A dimensión total aproximada dos muros destinatarios do graffiti é de 60m de longo e 2m de alto, distribuíndose para cada artista ou grupo participante, 4m de longo por 2m de altura, aproximadamente.

A cada espazo de 4m*2m, asignaráselle un número para realizar un sorteo o mesmo día do concurso, 22 de setembro ás 08:30h co obxecto de repartir o espazo total entre cada artista ou grupo participante.

Base 6.- Premios

Os premios son:

- Primer premio (para grupo ou artista individual) dotado de 800 euros.
- Segundo premio (para grupo ou artista individual) dotado de 600 euros.
- Terceiro premio (para grupo ou artista individual) dotado de 300 euros.
- Tres accésit de 150 euros aos/as mellores das seguintes categorías:
 1. Artista local
 2. Orixinalidade
 3. Cromática e composición

Base 7.- Xurado

O xurado terá a seguinte composición:

- Presidente/a: Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue.
- 3 vogais, todos eles de recoñecido prestixio no campo das artes gráficas con voz e voto. Aboaráselle a cada un deles en concepto de asesoramento a cantidade de 150 € (suxeitos ás retencións legais correspondentes).
- Secretario/a: Un/unha funcionario/a da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller, que actuará con voz e sen voto.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade a súa reunión, na páxina web do Concello de Ferrol www.ferrol.gal, co fin de que se poidan interpoñer, no seu caso, os recursos legais pertinentes.

As obras avaliaranse de acordó aos criterios que se indican a continuación:

- Grao de integración da pintura co espazo no que se ubicará.
- Calidade artística do traballo presentado.
- Labor de sensibilización e concienciación ambiental que provoca o graffiti.
- Orixinalidade e creatividade da obra.
- Fidelidade coa temática proposta.

Base 8.- Fases

O concurso constará de dúas fases:

Fase de selección

Unha vez recibidos os bocetos, pasarase á selección de proxectos. O xurado seleccionará ata un máximo de 15 proxectos, de acordó cos criterios sinalados na Base 7 do concurso.

A Concellería de Mocidade contactará telefónicamente e/ou vía correo electrónico cos/cas finalistas antes do 15 de setembro.

Publicarase na páxina web do Concello de Ferrol, a listaxe das 15 persoas ou grupos seleccionados.

Fase final

O Concello de Ferrol abrirá ao público una xornada aberta durante a cal as persoas ou grupos seleccionados realizarán os graffitis sobre o lema “Por unha mobilidade urbán en igualdade e inclusiva” na zona de Santa Mariña, axustándose en líneas xerais aos bocetos presentados.

Estes graffitis serán realizados pola mesma persoa ou grupo que presentou o boceto.

A xornada aberta iniciárase o 22 de setembro, ás 09:00 h. e rematará ás 20:00 h. do mesmo día.

Os/as participantes deberán levar os utensilios para realizar a obra, agás os botes de spray, dado que a organización entregará 12 unidades de diversos cores por mural para cada participante ou grupo de participantes.

Os/As participantes, no momento da inscrición deberán indicar as cores e número de botes elixidos dos sprays que serán proporcionados pola organización, cun máximo de 12 botes, dentro da seguinte gama cromática proposta:

- Negro
- Blanco
- Vileta Mandala
- Violeta Raval
- Azul Porto
- Azul Romero
- Azul eureka
- Turquesa
- Verde erasmus
- Verde pistacho
- Verde guacamole
- Rojo rioja
- Laranxa plural
- Rosa joker
- Amarelo festa
- Marrón tana
- Gris perla
- Gris ícaro

Os/as participantes deberán adaptar os seus bocetos e obras a estas cores, podendo engadir dentro desta gama cromática os sprays que cada participante ou grupo estime oportuno pero deben ter en conta que, neste caso, o gasto correrá pola súa conta.

En caso sobrante, o material proporcionado de 12 sprays para a realización de cada mural será agasallado aos/as participantes no mesmo.

Ningún/ninguna participante percibirá pola súa asistencia cantidade algunha en concepto de honorario. O Concello de Ferrol non se fará cargo dos gastos de desprazamento, manutención e/ou aloxamento que poideran derivarse da celebración do concurso.

O xurado seleccionará, conforme aos mesmos criterios descritos na Base 7, aos/as participantes ou grupos autores/as do graffiti correspondentes ao primeiro, segundo, terceiro, e 3 accésit.

O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios no caso de que incumpran co obxectivo das presentes Bases.

O Concello de Ferrol, no caso de condicións metereolóxicas adversas, resérvase o dereito de aprazamento do concurso. O Concello non se fai responsable dos gastos dos/as concursantes en dito caso.

O Concello de Ferrol, non sei fará cargo dos gastos ou das consecuencias derivadas do incumprimento dos compromisos de participación, na Base 10 do concurso.

Base 9.- Dereitos

Os/as artistas cederán ao Concello de Ferrol de forma gratuita os dereitos de explotación das obras, consistentes na reprodución, distribución e comunicación pública, os cales faranse sempre co recoñecemento da súa condición de autor agás manifestación en contra.

Os/as participantes serán os/as únicos/as responsables de que non existan dereitos a terceiros nas obras presentadas, nin reclamación por dereitos de imaxe, eximindo ao Concello de Ferrol de calquera tipo de responsabilidade.

Base 10.- Compromisos de participación

Os/as participantes comprométense a cumprir co uso obrigatorio de mascarilla e guantes.

Así mesmo, será motivo de expulsión do concurso ou non baremación no mesmo a realización de pintadas fóra dos espazos destinados e habilitados á realización dos graffitis; así como comportamentos machistas, racistas, vexatorios ou denigrantes para con outras persoas.

Base 11.- Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a aceptación de todo o recollido nestas bases.

Base 12.- Protección de datos

Os datos da ficha de inscrición serán privados. Usaranse exclusivamente para esta convocatoria.

Segundo a Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, o Concello incorporará os datos a un ficheiro, que se utilizará para os fins deste concurso e non se cederá a ningún terceiro, agás por obriga legais e a outras administracións públicas destinatarias do tratamento. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición deben dirixirse por escrito ao rexistro de entrada do Concello de Ferrol, Praza de Armas, s/n. 15402

Ferrol,

A concelleira delegada da Área de Mocidade,
Benestar Social, Igualdade e Muller

Sáinza Ruíz Ferreño

FICHA DE INSCRIPCIÓN

NOME E APELIDOS.....

NOME ARTÍSTICO (de telo).....

D.N.I.:..... DATA NACEMENTO:...../...../..... IDADE:.....

NO CASO DE SER MENOR DE IDADE

NOME DO PAI/NAI/TITOR/A LEGAL:.....

APELIDOS DO PAI/NAI/TITOR/A LEGAL.....

D.N.I.:.....

ENDEREZO:.....

CP:..... LOCALIDADE:..... PROVINCIA.....

TELÉFONO FIXO:..... Teléfono Móvil:.....

CORREO ELECTRÓNICO:.....

COMPOÑENTES DO GRUPO: (Encher este apartado só no caso de grupos)

Nome, apelidos, DNI, data de nacemento, teléfono de contacto e correo electrónico.

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

A participación neste concurso implica a total aceptación de todas as Bases.

SINALE o número de unidades de cada cor, tendo en conta que só se poden elixir 12 unidades como máximo.

Número de botes	Gama de cores
	Negro
	Blanco
	Violeta Mandala
	Violeta Raval
	Azul Porto
	Azul Romero
	Azul eureka
	Turquesa
	Verde erasmus

Número de botes	Gama de cores
	Verde pistacho
	Verde guacamole
	Rojo rioja
	Laranxa plural
	Rosa joker
	Amarelo festa
	Marrón tana
	Gris perla
	Gris ícaro

AUTORIZACIÓN

Don/a.....autorizo o uso da miña obra con fins non comerciais por parte do Concello de Ferrol, así como a realizar fotografías da mesma, que en ningún caso se utilizarán con ánimo de lucro.

Ferrol,.....de.....de.....

O/A interesado/a

Consentimento expreso de inclusión dos datos recollidos neste formulario nun ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade de facilitar a xestión deste procedemento, en cumprimento do disposto nos artigos 5 e 6 da Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante un escrito dirixido ao Concello de Ferrol, Praza de Armas, s/n. 15401 Ferrol.

A cumprimentación e sinatura deste documento suporá a prestación do consentimento para dito tratamento.

ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL